

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

RESOLUCIÓN do 25 de abril de 2023 pola que se dá publicidade da resolución de concesión das axudas ás agrupacións empresariais innovadoras emerxentes (clústeres emerxentes) na Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento IG410A).

Mediante a Resolución do 7 de novembro de 2022 (DOG núm. 216, do 14 de novembro) publicáronse as bases reguladoras das axudas ás agrupacións empresariais innovadoras emerxentes (clústeres emerxentes) na Comunidade Autónoma de Galicia e convocáronse en réxime de concorrencia competitiva.

As ditas bases establecen no seu artigo 14.3 que a resolución será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. Anunciar a publicación do texto completo da resolución definitiva do 10 de abril de 2023, de concesión das axudas do Igape ás agrupacións empresariais innovadoras emerxentes (clústeres emerxentes) na Comunidade Autónoma de Galicia, no enderezo <https://www.igape.gal/es/resoluciones-definitivas>. O texto completo da resolución non se publica no DOG na súa integridade en virtude da cautela prevista no artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Habílitase un prazo de 10 días naturais para que os interesados accedan á oficina virtual do Igape, no enderezo <https://www.igape.gal/es/resoluciones-definitivas>, utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, para descargar a súa resolución individual. Transcorrido o devandito prazo desde a posta á disposición da resolución individual sen que se acceda ao seu contido entenderase rexeitada.

Segundo. As resolucións individuais, segundo o establecido no punto primeiro, esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de



dous meses contados a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta á disposición sen que se accedese ao seu contido. Non obstante, previamente poderá interpor un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta á disposición sen que se accedese ao seu contido.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2023

Fernando Guldrís Iglesias
Director do Instituto Galego de Promoción Económica

CVE-DOG: ova5q410-eot5-58k2-t9v3-k0lw16rmbw35

